

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021767	Castro da Uz	Pontes de García Rodríguez (As)	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TMV	Transporte e mantemento de vehículos	CD1TMV001100	Mantemento de vehículos	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3159	Itinerario persoal para a empregabilidade básico	2024/2025	2	60	72
MP3159_12	Prevención de riscos laborais	2024/2025	2	30	36
MP3159_22	Autocoñecemento, orientación cara á vida adulta e empregabilidade	2024/2025	2	30	36

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	BLANCA FREIJO ARCE
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A programación do presente módulo concreta e adapta o currículo á contorna socioeconómica do IES Castro da UZ, localizado no concello das Pontes de García Rodríguez, na comarca do Eume . Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumnado se poida inserir laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector do transporte e mantemento de vehículos.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- Manexo das fontes de información para a elaboración de itinerarios formativo-profesionalizadores, en especial no referente ao sector.
 - Posta en práctica de técnicas activas de procura de emprego.
 - Realización de probas de orientación e dinámicas sobre as propias aspiracións, competencias e capacidades.
 - Manexo de fontes de información, incluídos os recursos de internet para a procura de emprego.
 - Preparación e realización de cartas de presentación e currículos.
 - Familiarización coas probas de selección de persoal, en particular a entrevista de traballo.
 - Identificación de ofertas de emprego público ás que se pode acceder en función da titulación, e resposta á súa convocatoria.
 - Formación de equipos na aula para a realización de actividades mediante o emprego de técnicas de traballo en equipo.
 - Superación de calquera forma de discriminación no acceso ao emprego e no desenvolvemento profesional.
 - Análise da normativa de prevención de riscos laborais que lle permita a avaliación dos riscos derivados das actividades desenvolvidas no sector produtivo, así como a colaboración na definición dun plan de prevención para a empresa e das medidas necesarias para a súa posta en práctica.
- O correcto desenvolvemento deste módulo esixe a disposición de medios informáticos con conexión a internet.

Na impartición do módulo IPE na FP BÁSICA terase en conta, especialmente nas UD 3 (riscos específicos), 6 e 7 (orientación profesional e procura de emprego), que as persoas con este perfil profesional poderían exercer a súa actividade no sector de construción e mantemento de vehículos, nos subsectores de automóviles, motocicletas e vehículos pesados:

- Empresas de flotas de alugamento de vehículos, servizos públicos, transporte de pasaxeiros e mercadorías.
- Empresas fabricantes de vehículos e compoñentes.
- Empresas dedicadas á inspección técnica de vehículos.
- Empresas dedicadas á fabricación, a venda e a comercialización de equipamentos de comprobación, diagnose e recambios de vehículos.
- Empresas situadas noutros sectores produtivos onde se realicen traballos de mantemento de electromecánica (grupos electrógenos, cintas transportadoras movidas con motor de explosión, etc.).

As ocupacións e os postos de traballo máis relacionados coa familia profesional do módulo son os seguintes:

- Electrónico/a de vehículos.- Electricista electrónico/a de mantemento e reparación en automoción.
- Mecánico/a de automóviles.
- Electricista de automóviles.
- Electromecánico/a de automóviles.
- Mecánico/a de motores e os seus sistemas auxiliares, de automóviles e motocicletas.

- Reparador/ora de sistemas pneumáticos e hidráulicos.
- Reparador/ora de sistemas de transmisión e freos.
- Reparador/ora de sistemas de dirección e suspensión.- Operario/a de ITV.
- Instalador/ora de accesorios en vehículos.
- Operario/a de empresas dedicadas á fabricación de recambios.
- Electromecánico/a de motocicletas.
- Vendedor/ora distribuidor/ora de recambios e equipamentos de diagnose

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A prevención de riscos laborais		7	10
2	Medidas de Prevención e Protección		7	10
3	Principais factores de risco e a súa prevención		7	10
4	A xestión da prevención		8	10
5	Primeiros Auxilios		7	10
6	Orientación profesional e desenvolvemento de habilidades sociolaborais		18	25
7	Procura de emprego		18	25

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A prevención de riscos laborais	7

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido no Real decreto 39/1997	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título
CA1.2 Clasifícaronse e describíronse os tipos de danos profesionais relacionados co perfil profesional do título, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais

4.1.e) Contidos

Contidos
Representación das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos na empresa ou organismo equiparado.
Danos derivados do traballo. Accidentes de traballo e doenzas profesionais. Outras patoloxías derivadas do traballo.
Traballo e saúde: riscos profesionais. Factores de risco. Condicións de traballo.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Medidas de Prevención e Protección	7

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido no Real decreto 39/1997	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título
CA1.3 Determináronse os principais dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais

4.2.e) Contidos

Contidos
Principais medidas de prevención e protección.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Principais factores de risco e a súa prevención	7

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido no Real decreto 39/1997	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título
CA1.4 Identifícaronse as técnicas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias, con especial atención ao sector produtivo do ciclo formativo

4.3.e) Contidos

Contidos
0Riscos ligados ás condicións ergonómicas.
Riscos ligados ás condicións psicosociais.
Riscos ligados ás condicións de seguridade.
Riscos ligados ao ambiente de traballo.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A xestión da prevención	8

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido no Real decreto 39/1997	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título
CA1.3 Determináronse os principais dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais
CA1.5 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia
CA1.6 Clasificáronse as formas de xestión da prevención e de participación das persoas traballadoras na empresa ou no organismo equiparado, en relación coa prevención de riscos laborais

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Organización e xestión de prevención na empresa.</p> <p>Representación das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos na empresa ou organismo equiparado.</p> <p>Plan de emerxencia e evacuación.</p> <p>Dereitos e deberes básicos en materia de prevención de riscos laborais.</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Primeiros Auxilios	7

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido no Real decreto 39/1997	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.7 Identifícanse as primeiras intervencións para realizar en caso de emerxencias e primeiros auxilios, así como a composición e o uso da caixa de primeiros auxilios

4.5.e) Contidos

Contidos
<p>Principais medidas de prevención e protección.</p> <p>Primeiros Auxilios.</p>

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Orientación profesional e desenvolvemento de habilidades sociolaborais	18

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve actividades de autocoñecemento que lle permitan orientarse a campos profesionais motivadores nos que poida despregar todas as súas capacidades	SI
RA2 - Desenvolve habilidades sociais concretas que se demostraron como fundamentais á hora de atopar un emprego e mantelo	SI
RA3 - Accede á información dos posibles itinerarios académicos e/ou profesionais que teña ao seu alcance a través da investigación e a reflexión libre de estereotipos vocacionais	SI
RA4 - Pon en marcha un itinerario propio analizando as opcións educativas e profesionais, valorando as vantaxes e os inconvenientes de cada unha delas e examinando as que mellor se axusten ás súas posibilidades e ás súas preferencias	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Avaliáronse as motivacións, as habilidades, as destrezas e os intereses propios no marco dun proceso de autocoñecemento
CA1.2 Determináronse as competencias persoais e sociais con valor para o emprego
CA1.3 Valorouse o concepto de autoestima no proceso de procura de emprego
CA1.4 Identificáronse as fortalezas, as debilidades, as ameazas e as oportunidades propias para a inserción profesional, así como as estratexias para lles sacar o maior proveito
CA1.5 Identificáronse expectativas de futuro para a inserción profesional, analizando competencias, intereses e destrezas persoais.
CA2.1 Valorouse a importancia das competencias persoais e sociais na empregabilidade
CA2.2 Aplicáronse estratexias para canalizar as emocións de xeito asertivo nas relacións con outras persoas, diferenciándoas de condutas agresivas e/ou pasivas
CA2.3 Puxéronse en práctica técnicas de presentación orais e escritas para unha comunicación efectiva e afectiva, e valorouse a súa importancia como recurso persoal para a empregabilidade
CA2.4 Identificáronse os beneficios do traballo en equipo, así como as diferentes formas de levalo a cabo

Criterios de avaliación
CA2.5 Reaccionouse de xeito flexible e positivo ante conflitos e situacións novas, aproveitando as oportunidades e xestionando as dificultades, e facendo uso de estratexias relacionadas coa intelixencia emocional
CA3.1 Determinouse a realidade da contorna sociolaboral actual
CA3.2 Identificáronse os itinerarios académicos e profesionais afíns aos seus intereses e valoráronse as opcións que mellor se axusten aos seus perfís profesionais e ás súas preferencias
CA3.3 Valorouse a importancia da formación permanente como factor clave para o emprego e a adaptación ao cambio
CA4.1 Valoráronse as vantaxes e os inconvenientes de cada unha das opcións posibles
CA4.2 Analizáronse e seleccionáronse as opcións que máis se axusten aos seus perfís profesionais
CA4.3 Realizouse un proceso de toma de decisións identificando o itinerario académico e profesional persoal, a partir das súas preferencias profesionais, dos seus intereses e das súas metas, no marco dun proxecto profesional

4.6.e) Contidos

Contidos
Capacidade autocrítica. Iniciativa persoal. Pensamento creativo.
Autocoñecemento, autonomía persoal e autopercepción.
Análise e avaliación do potencial profesional. DAFO persoal.
Aspiracións e metas: definición de obxectivos profesionais.
Identificación de intereses, capacidades, motivacións, aptitudes, fortalezas e debilidades persoais para o proxecto profesional ao que se aspire.
Autoanálise e toma de decisións académicas e profesionais.
Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos persoais: probas obxectivas e tests psicométricos.
Autoestima: confianza, perseveranza e seguridade nun mesmo.
Pegada e reputación dixital. Xestión de identidades dixitais: persoal e profesional.
Equipos de traballo. Importancia do traballo colaborativo. Liderado como trazo da personalidade.
Habilidades sociais e habilidades de comunicación.

Contidos

Ferramentas dixitais na interacción coas demais persoas. Networking.

Conflicto: concepto, causas, tipos e resolución. Negociación.

Habilidades de organización e xestión.

Estratexias para superar as eivas de comunicación.

Información sobre a estrutura do sistema educativo.

Transición á vida activa.

Emprendedurismo: emprendemento e intraemprendemento.

Itinerarios académico-profesionais: información sobre traxectorias académico-profesionais na lexislación vixente.

Retos da revolución dixital.

Formación permanente na traxectoria laboral e profesional como factor clave para a adaptación ao cambio.

Servizos de orientación profesional. Orientación académico-profesional para a igualdade de oportunidades.

Itinerarios académicos: información sobre as opcións para cursar na formación profesional, noutros estudos postobrigatorios e nos estudos superiores.

Servizos de orientación académica. Programas, oportunidades e axudas para a formación.

Información xeral sobre sectores económicos e produtivos.

Análise dos intereses, as aptitudes e as motivacións persoais para a carreira profesional.

Avaliación das alternativas e da decisión tomada.

Toma de decisións na orientación académica e profesional.

Identificación de itinerarios formativos relacionados.

Aspiracións e metas: definición do obxectivo que se queira conseguir.

Definición e análise do sector profesional. O teu título: sector produtivo, ocupacións e postos de traballo.

Fontes de información.

Organización dunha conduta decisoria: que quero facer, que podo facer, onde o podo facer.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Procura de emprego	18

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Coñece as estratexias de acceso ao mercado de traballo por conta allea e utiliza as ferramentas necesarias para o proceso de inserción laboral	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Analizouse a procura de emprego como un proceso
CA5.2 Identifícaronse as fontes de información de acceso ao emprego
CA5.3 Analizáronse as técnicas utilizadas para a procura de emprego por conta allea
CA5.4 Puxéronse en práctica as ferramentas que permitan unha procura de emprego óptima

4.7.e) Contidos

Contidos
Traballo na Administración pública.
Información sobre a elaboración e a presentación da carta de presentación e do currículo persoal: tipos e contido.
Fontes de procura de emprego. Información xeral para a procura activa de emprego e de alternativas.
Entrevista de traballo.
Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos profesionais: axudas e subvencións á creación de empresas.
Oferta de traballo. Selección de ofertas e perfil da persoa candidata.

Contidos

Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.

Ferramentas dixitais no proceso de procura de emprego.

Traballo por conta allea e por conta propia.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva son os indicados en cada unidade didáctica.

Para alcanzar a avaliación positiva en cada unha das avaliacións o alumnado deberá entregar os traballos, realizar os exercicios e casos prácticos correspondentes a cada unidade, e superar as probas escritas de avaliación das unidades correspondentes ao período avaliado. De existir indicios fundados de plaxio, copia ou utilización de medios ou material non permitidos (teléfonos, auriculares, chuletas....), os traballos, exercicios ou exames consideraranse coma non presentados.

Os criterios de cualificación que se terán en conta para a avaliación distribúense, en función aos instrumentos avaliadores, do seguinte xeito :

· Nun 40% valóranse os traballos (individuais e en grupo), así como os exercicios e casos prácticos realizados en cada avaliación . Para a valoración terase en conta os seguintes aspectos:

- Cumprimento dos prazos de presentación.
- Limpeza , claridade e expresión escrita.
- Adecuación dos contidos a tratar.
- Exposición dos traballos.

· As probas de avaliación terán un peso do 60% na cualificación (Proba escrita). No caso de realizar máis dunha proba por avaliación farase media entre elas. Nas preguntas tipo test, se o docente o considera oportuno, poderán puntuar negativamente os erros.

Para alcanzar a avaliación positiva o alumnado deberá entregar os traballos, facer os exercicios, casos prácticos e probas escritas propostos en cada avaliación.

A cualificación global de cada avaliación será a media ponderada das cualificacións obtidas nos apartados anteriores, tendo en conta que para aprobar esíxese un 5.

A cualificación final do módulo será a media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións parciais.Tendo en conta que, en calquera caso, para aprobar esíxese un 5.

Tamén en calquera caso para acceder a formación na empresa o alumno terá que ter aprobada a unidade formativa de prevención de riscos laborais.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

- Para os/as alumnos/as que suspendan algunha avaliación estableceránse actividades de recuperación que poderán consistir en exames e traballos correspondentes a cada parte da materia. O exame de cada parte da materia consistirá nunha proba escrita que poderá conter afirmacións para identificar se son verdadeiras ou falsas razoando a resposta, preguntas test, preguntas breves e casos prácticos similares aos realizados na clase. Os criterios de cualificación serán os expostos no apartado 5.

- Para os/as alumnos/as que suspendan o módulo na 3ª avaliación previa á avaliación final estableceráanse actividades de recuperación antes da avaliación final de módulos.. Igualmente, as actividades poderán consistir en exames e traballos correspondentes a cada parte da materia. O exame de cada parte da materia consistirá nunha proba escrita que poderá conter afirmacións para identificar se son verdadeiras ou falsas razoando a resposta, preguntas test, preguntas breves e casos prácticos similares aos realizados na clase. Os criterios de cualificación tamén serán os expostos no apartado 5.

RECUPERACIÓN MÓDULO PENDENTE

Os alumnos co módulo suspenso que tiveran promocionado ao segundo curso do ciclo formativo terán que realizar as actividades que indique o profesor/a que imparta o módulo en primeiro curso. As actividades que se vaian desenvolvendo deberán ser entregadas polos alumnos dentro dos prazos que para cada unha se establezan, e serán avaliábeis. O docente estará a disposición do alumno para o seguimento das actividades e a resolución de posibles dúbidas naquelas horas que figuren no seu cadro horario como visita de alumnos ou noutras que se puideran acordar, sempre dentro das posibilidades das dúas partes. Cada trimestre caberá a posibilidade de realizar unha proba obxectiva sobre as unidades traballadas no mesmo, se o docente o considera necesario.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A perda do dereito a avaliación continua por ter superado o 10% de faltas de asistencia inxustificadas suporá que o alumnado poderá seguir asistindo a clase pero deberá acollerse ó sistema extraordinario de avaliación.

A avaliación extraordinaria dos alumnos que perdesen o dereito á avaliación continua consistirá en superar unha proba escrita sobre o contido global do módulo.

A proba constará de dúas partes:

1. Parte teórica con preguntas curtas ou ben tipo test.
2. Parte práctica na que os alumnos terán que resolver una serie de supostos prácticos.

A proba obxectiva durará 2 horas.

Para obter a cualificación positiva haberá que alcanzar cando menos unha puntuación media de 5 puntos.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A avaliación do seguimento da programación e da práctica docente farase durante todo o curso.

Ao final do curso farase unha avaliación global desta programación. As conclusións desta avaliación final recolleranse na memoria de fin de curso do departamento de FOL.

A avaliación do seguimento da programación e da práctica docente terá en conta o interese amosado polos alumnos durante o curso, así como os resultados académicos obtidos.

As conclusións sobre estes importantes aspectos recolleran sobre todo a opinión do profesor/a que impartiu o módulo; pero tamén a valoración feita polo propio alumnado, cando se poda obxectivar; así como as opinións e valoracións dos outros profesores/as do ciclo, feitas ao longo de todo o curso, e especialmente na avaliación final. A utilidade destas conclusións será o servir de base para a proposta de cambios e melloras na programación do módulo

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A programación que se presenta ten como propósito atender a cada alumno da forma máis personalizada posible, tendo en conta as súas capacidades e o seu ritmo de aprendizaxe, dando por tanto a oportunidade de aprender por igual a alumnos con diferentes motivacións, capacidades e intereses.

Intentarase que todo o alumnado acade un nivel de realizacións equiparable, sen que ninguén abandone o módulo por falta de estímulos ou axuda do profesorado.

Os cuestionarios previos e as actividades na aula, individuais ou en grupo, serán os instrumentos para intentar coñecer e atender a diversidade e actuar en consecuencia .

Nalgunhas unidades didácticas, realizarase unha avaliación inicial de maneira estruturada, mediante un cuestionario escrito; noutras unidades, a avaliación inicial farase na presentación das mesmas, de xeito máis informal.

Na unidade didáctica número 1, durante as sesións dedicadas á presentación do módulo, levarase a cabo, mediante un cuestionario escrito, a que probablemente sexa a máis importante avaliación inicial das previstas nesta programación.

As avaliacións iniciais non serán obxecto de cualificación para o alumnado

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Unha vez realizada a avaliación inicial participarase nunha reunión inicial co resto do equipo docente do ciclo para intercambiar información obtida, tanto nas avaliacións iniciais como na información que resulte do exame dos expedientes do alumnado realizada polo titor ou titora do grupo segundo as instrucións da xefatura de estudos.

Nesa reunión inicial adoptaranse decisións respecto ás medidas de reforzo educativo que se consideren oportunas prestando especial atención a:

- Dificultades de relación interpersonal.
- Dificultades de atención.
- Problemas auditivos.
- Problemas visuais.
- Dificultades de lectura.
- Dificultades de comprensión, tanto oral como escrita.
- Dificultades no cálculo numérico.
- Faltas de asistencia sen xustificar.

As actividades de reforzo deseñaranse da forma máis personalizada posible, pensando nestes alumnos que presentan dificultades para que poidan conseguir unha avaliación positiva.

No caso de que se detecten necesidades que excedan do simple reforzo, trasladarase ao departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos a solicitude de calquera tipo de medidas que sexan axeitadas ao alumnado con necesidades educativas especiais.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Na materia de IPE en FP BÁSICA os contidos transversais están especialmente presentes.

Concretamente: a solidariedade, a tolerancia, o diálogo ; os problemas medioambientais e o posicionamento crítico ante a degradación do medio ambiente; o rexeitamento das desigualdades e discriminacións por razón de sexo; a necesidade da conciliación da vida persoal e a vida laboral; así como a reflexión sobre a idea de dignificar o mundo do traballo garantindo uns dereitos laborais, de seguridade e de saúde, así como tamén a reflexión sobre a perfecta compatibilidade, e ata a complementariedade, da obtención de beneficios por parte da empresa e o respecto ao medio natural; a calidade dos produtos ou servizos; a seguridade e hixiene no traballo e a investigación.

Ademáis destes contidos propios, reforzaranse contidos transversais atendendo a idade do alumnado, entre outros:

- Educación e tabaquismo.
- Educación e alcoholismo.
- Educación e drogodependencias.
- Educación e adición a medicamentos.
- Educación para a paz, .
- Educación para o consumo.
- Educación contra a violencia de xénero, o racismo e a xenofobia..

Reforzaranse os hábitos de limpeza e hixiene, como son a limpeza do propio posto de traballo, así como a observación do seguimento do protocolo establecido polo centro nas zonas comúns e tamén nos talleres.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

En colaboración co Departamento de Orientación deseñaranse anualmente diferentes actividades complementarias no propio Centro Educativo e algún tipo de visita didáctica externa que garde relación cos contidos impartidos.

10.Outros apartados

10.1) bibliografía

Guía laboral do Ministerio de traballo (compendio e resumo da lexislación laboral, de seguridade social e saúde laboral).

Manual de FP BÁSICA I.P.E.. da editorial Tu Libro de FP (libro de texto recomendado).

LPRL (lei de prevención de riscos laborais).

10.2) paxinas web

Páxinas oficiais do SEPE (servicio de emprego público estatal), da Seguridade Social, do INSHT e do ISSG (institutos de seguridade e saúde estatal e galego)....., así como páxinas especializadas en orientación laboral e/ou prevención de riscos laborais: Educaweb,,
Todofp, Fundación Laboral para a Construcción, Cruz Roja....